

Falta do informe dun estudo radiolóxico solicitado polo facultativo de atención primaria (suxestión)

Expediente: I.5.Q/13393/23

Santiago de Compostela, 16 de Outubro de 2023

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito dun cidadán, pola falta do informe dun estudo radiolóxico solicitado polo facultativo de atención primaria.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón o seguinte:

El 12 de mayo del presente año se me hicieron por urgencia en el Ambulatorio Virgen Peregrina de Pontevedra unas radiografías a petición de la médico de familia ante la posibilidad de padecer una lesión seria de columna y/o pelvis.

Tras varias consultas con la misma médico, aún no me ha podido diagnosticar con certeza el resultado y adoptar medidas por la carencia de informes del radiólogo.

El pasado 22 de junio formalicé una reclamación ante el SERGAS requiriendo la emisión de esos informes, obteniendo esta vergonzosa respuesta:

*“En relación a súa comunicación, informarlle de que os informes das radiografías simples están establecidos baixo criterios e protocolos multidisciplinares dos especialistas implicados”.*

En el día de ayer he vuelto a consulta de la médico de familia y la situación sigue siendo la misma, tras casi 3 meses, motivo por el cual me he decidido a recurrir a su Institución.

Acusamos recibo do seu informe, que foi rexistrado nesta institución con data de 06 de Outubro de 2023 e no que se fai constar o seguinte:

Desde Atención Primaria foille solicitado ao paciente una radiografía de columna lumbar e pelvis por sospeita, dada a clínica establecida na solicitude radiolóxica, de patoloxía osteomuscular/dexenerativa.

A patoloxía osteomuscular e dexenerativa, desde Primaria, ten establecido un protocolo coa Unidade Musculo-esquelética (UME) do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra, na que antes de valorar si se deriva ou non ao paciente, solicítanse radiografías simples xa protocolizadas, que serán valoradas polo devandito equipo multidisciplinar (traumatólogos e rehabilitadores) e non necesitan informe radiolóxico, salvo solicitude expresa por parte do devandito equipo multidisciplinar.

Os estudos de radioloxía simple son probas complementarias básicas, do mesmo xeito que as análises, electrocardiogramas... cuxa interpretación e coñecemento está incluído dentro da formación básica da profesión médica e todas as radiografías realizadas a pacientes intégranse dentro do historial clínico do paciente, ao que teñen acceso todos os médicos da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

Nos casos nos que o médico Atención Primaria non considere necesaria a valoración por parte da UME ou teñan dúbidas nas radiografías pode solicitar o informe radiolóxico, mesmo tempo despois da data inicial de realizar a proba radiolóxica, pola mesma vía na que se realizou a solicitude.

Non consta ningunha petición de informe radiolóxico das radiografías simples de D. XXX.

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

A administración sanitaria dispón dunha capacidade de autoorganización que lle confire a normativa vixente pola que estrutura os procedementos internos necesarios para dispensarlle aos doentes a asistencia sanitaria que precisan. A administración polo tanto establece os mecanismos que considera oportunos para que probas complementarias que se realizan no marco do SERGAS dispoñan do correspondente informe especializado, de ser o caso, para que os facultativos que as solicitan poidan avaliar os resultados destas probas conxuntamente coa sintomatoloxía e a exploración clínica dos doentes. Compete polo tanto aos profesionais sanitarios coñecer os procedementos polos que, de precisar o devandito informe radiolóxico, poidan solicitalo.

Non obstante estamos ante un caso onde a tenor do trasladado no informe desa administración na data de emisión do informe por parte desa administración, 21 de setembro de 2023, non constaba no SERGAS a devandita solicitude de informe radiolóxico.

A persoa promotora do expediente trasladou que *“El 12 de mayo del presente año se me hicieron por urgencia en el Ambulatorio Virgen Peregrina de Pontevedra unas radiografías a petición de la médico de familia ante la posibilidad de padecer una lesión seria de columna y/o pelvis.*

*Tras varias consultas con la misma médico, aún no me ha podido diagnosticar con certeza el resultado y adoptar medidas por la carencia de informes del radiólogo.”*

Do que se deduce que, do 12 de maio de 2023 ata o 21 de setembro de 2023 esa solicitude de informe non foi realizada pese a que o doente acudiu solicitando información sobre a súa doenza en varias ocasións ao seu facultativo de atención primaria e este trasladoulle que non dispoñía do informe en cuestión.

É por elo que, cando os profesionais de atención primaria precisen do informe radiolóxico dunha proba complementaria en concreto deben coñecer o procedemento habilitado na rede SERGAS a tal fin trasladando ao doente a calidade debida na asistencia sanitaria dispensada.

Cómpre sinalar aquí que o paciente presentou unha reclamación perante o SERGAS o día, 22 de xuño de 2023, sen acadar unha solución satisfactoria ao problema motivo polo que o doente acudiu a esta institución o día 4 de agosto de 2023.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte **suxestión**:

**Que se traslade aos facultativos de atención primaria un recordatorio de información sobre o procedemento a seguir cando precisen o informe radiolóxico das probas que solicitan.**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia,



dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo